Establécense como prestacións para a mesma a elaboración e entrega parcial da documentación definida no Anexo B a esta memoria técnica por parte da dirección facultativa (dirección de obra e dirección de execución material) das obras e da coordinación de seguridade e saúde, así como a asistencia a cantas reunións, visitas e inspeccións sexan necesarias para a correcta supervisión da execución dos traballos, ben a requirimento da empresa contratista, dos servizos técnicos municipais ou de axentes vencellados ó contrato.

Número mínimo de visitas a obra durante a execución dos traballos:

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1185 210 1359 239">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 268">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="978 268 1359 297">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

Establecese a celebración de

- aló menos unha (1) reunión semanal cos responsables municipais de seguimento do expediente do contrato,
- aló menos tres (3) visitas semanais ás obras por parte do director das obras e do director de execución material das obras,
- aló menos dúas (2) visitas semanais por parte dos técnicos especialistas en cada especialidade definidos no apdo.7 desta memoria durante as fases de obra correspondentes á cada especialidade e
- aló menos tres (3) visitas semanais por parte do coordinador de seguridade e saúde durante a execución das obras.

De producirse un atraso nalgunha destas fases ou no prazo global, e a causa de este foran motivos non imputables ao contratista, e este ofrecera cumprir os seus compromisos, dándolle prórroga do tempo que se lle sinalou, concederáse pola Administración un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pedise outro menor. O director facultativo emitirá un informe onde se determine se o atraso foi producido ou non por motivos imputables ao contratista.

O prezo incluírá todos os gastos directos e indirectos que deba afrontar o contratista, para a normal execución da obra contratada, e calquera outra que resulte de aplicación segundo as disposicións vixentes, así como toda clase de impostos, permisos e licenzas que sexa necesario satisfacer, que serán da súa conta.

Artigo 4.- Capacidade para contratar.

Os que acudan á licitación poderán facelo por si ou por persoa autorizada, mediante poder validado sempre que non estean incurso en causa de prohibición ou incompatibilidade.

Verbo das empresas estranxeiras estarase a o disposto nos Artigos 65,68, 84.3 da LCSP; e no Artigo 10 do RGLCAP.

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1185 210 1359 235">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 237 1359 264">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="978 266 1359 293">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	---

No caso de concorrer Unións de empresarios, que se constitúan temporalmente a o efecto, estarase a o disposto no Artigo 69 da LCSP e no 24 e 52 do RGLCSP.

Cada un dos empresarios que compoñan a agrupación deberá acreditar a súa personalidade, solvencia económica, financeira e técnica, e capacidade de obrar, de conformidade co disposto nos Artigos 74 e seguintes, e 86 da LCSP; e 9 a 16, 24 e 52 do RXLCAP acumulándose a os efectos da determinación da solvencia da unión temporal, as características acreditadas por cada un dos integrantes destas.

Presentarase unha declaración, asinada polos representantes de cada unha das empresas, que indique os nomes e circunstancias de cada un dos que constitúen a Unión Temporal, a participación de cada un deles nesta, e o compromiso de constituírse formalmente en unión de empresarios, así como o nome do representante ou apoderado único da unión.

Non será necesaria a formalización da unión en escritura publica ata que se efectúe a adxudicación a o seu favor.

Artigo 5. Solvencia técnica dos diferentes intervinientes do contrato e Integración da solvencia.

Poderán concorrer a este procedemento as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e non estean incurso en causa de prohibición ou incompatibilidade, e que teñan a seguinte clasificación:

Para a empresa encargada de execución das obras será a seguinte:

Grupo: C, Edificaciónes. Subgrupo: 2, Estructuras de fábrica u hormigón. Categoría 4

Grupo: G, Viales y pistas. Subgrupo: 6, trabajos de viales sin cualificación específica Categoría 4

Ademais da solvencia indicada, o licitador deberá acreditar os seguintes requisitos:

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1185 210 1359 237">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 237 1359 264">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="978 264 1359 291">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

Poñer a disposición do contrato en, polo menos, as dedicacións indicadas no cadro contido na parte final do Artigo 2 deste prego (estimación do custe dos servizos de redacción de proxectos e dirección de obra) desta os seguintes perfiles profesionais:

Un (1) director de proxecto, (dedicación 90%) coas seguintes competencias profesionais, funcións e experiencia:

a) competencia profesional: arquitecto, enxeñeiro de camiños, enxeñeiro industrial, ou titulación equivalente.

b) que asuma as funcións de:

- coordinar as tarefas de redacción de proxecto e traballos previos de auscultación de inmobles afectados, realización de protocolo de gretas, levantamentos topográficos e estudos xeotécnicos.
- servir de interlocutor coas administracións implicadas, servizos municipais e empresas concesionarias de servizos públicos.
- informar verbalmente e por escrito en representación do adxudicatario perante as partes implicadas e afectadas durante o período de vixencia do contrato,
- informar por escrito á administración contratante e ó responsable do expediente da satisfacción de obxectivos, incidencias e imprevistos que acontezan durante a elaboración dos traballos e prestación dos servizos.

c) cunha experiencia mínima de:

- máis de 10 anos de experiencia profesional acreditable polos medios sinalados posteriormente.
- acreditar ter redactado e asinado un ou máis proxectos de aparcamentos soterrados en espazo público nos últimos 10 anos cunha capacidade maior ou igual a 100 prazas.
- acreditar ter redactado e asinado un ou máis proxectos de parques públicos ou prazas nos últimos 10 anos de aló menos 5000m².

 <p data-bbox="400 143 786 293">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="890 143 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1102 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1182 210 1359 235">32005-Ourense</p> <p data-bbox="962 237 1359 264">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="975 266 1359 293">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

Un (1) redactor de proxecto, (dedicación 90%) coas seguintes competencias profesionais, funcións e experiencia:

a) competencia profesional: arquitecto, enxeñeiro de camiños ou enxeñeiro industrial, ou titulación equivalente.

b) que asuma as funcións de:

- participar e coordinar as tarefas de redacción de proxectos de aparcamento e intervención sobre o espazo, actuacións sobre as infraestruturas existentes, subproxectos de estruturas, deseño e execución do proxecto do estacionamento, instalacións e das infraestruturas urbanas de servizos, reurbanización da plataforma resultante sobre o estacionamento, espazos públicos e as restantes inherentes á prestación do servizo,
- servir de interlocutor coas administracións implicadas, servizos municipais e empresas concesionarias de servizos públicos,
- informar verbalmente e por escrito en representación do adxudicatario perante as partes implicadas e afectadas durante o período de vixencia do contrato,
- informar por escrito á administración contratante e ó responsable do expediente da satisfacción de obxectivos, incidencias e imprevistos que acontezan durante a elaboración dos traballos e prestación dos servizos.

b) cunha experiencia mínima de:

- máis de 10 anos de experiencia profesional acreditable como se indica posteriormente neste mesmo artigo.
- acreditar ter redactado e asinado cinco ou máis proxectos de intervencións de renovación de espazo público, humanizacións ou intervencións urbanas de mellora do espazo público en solo urbano consolidado.

Un (1) enxeñeiro ou arquitecto especialista en estruturas, (dedicación 60%) coas seguintes competencias profesionais, funcións e experiencia:

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1185 210 1359 239">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 268">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="978 268 1359 297">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

a) competencia profesional: arquitecto, enxeñeiro de camiños ou enxeñeiro industrial, ou titulación equivalente.

b) que asuma as funcións de:

- participar e coordinar as tarefas de redacción da parte do proxecto relacionada coa súa especialidade,

c) cunha experiencia mínima de:

- acreditar ter redactado e asinado un ou máis proxectos de aparcamentos soterrados en espazo público nos últimos 10 anos.

Un (1) enxeñeiro ou arquitecto especialista en instalacións e infraestruturas urbanas (dedicación 60%), coas seguintes competencias profesionais, funcións e experiencia:

a) competencia profesional: arquitecto, enxeñeiro de camiños ou enxeñeiro industrial, ou titulación equivalente.

b) que asuma as funcións de:

- participar e coordinar as tarefas de redacción da parte do proxecto relacionada coa súa especialidade,

c) cunha experiencia mínima de:

- máis de 10 anos de experiencia profesional acreditable polos medios sinalados neste artigo.

Equipo restante:

Os restantes membros do equipo redactor terán que acreditar ter participado e, ou, colaborado na redacción dun ou mais proxectos de características similares cun importe de licitación superior a 1.000.000 €.

O licitador ou os membros do equipo consultor non estarán en ningún dos supostos recollidos no art.71 da Lei 9/2017.

O persoal adscrito ó servizo polo equipo consultor non terá ningunha relación laboral coa Administración de acordo co art. 308.2 da Lei 9/2017.

IMPORTANTE: ACREDITACIÓN DA SOLVENCIA TÉCNICA OU PROFESIONAL PARA A PRESTACIÓN DO SERVIZO.

 <p data-bbox="400 152 772 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 143 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1107 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1187 210 1359 239">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 268">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="979 268 1359 297">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

Para a acreditación da solvencia do equipo redactor dos proxectos, do director das obras e da coordinación de seguridade e saúde, acreditarase documentalmente mediante certificados expedidos polas Administracións contratantes ou visados polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público.

Cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por estes ou, a falta de este certificado, mediante unha declaración do empresario acompañada dos documentos obrantes en poder do mesmo que acrediten a realización da prestación, e no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órganos de contratación pola autoridade competente.

CADA UN DOS LICITADORES ASUMIRÁ MEDIANTE A DECLARACIÓN RESPONSABLE CONTIDA NO ANEXO IV DESTE PREGO QUE TEN A SOLVENCIA NECESARIA, DEBENDO ACREDITARLA DOCUMENTALMENTE O LICITADOR CLASIFICADO NO PRIMEIRO LUGAR NO PRAZO DE DEZ DÍAS HABLES ABERTO TRAS A ORDENACIÓN DECRECENTE DAS OFERTAS RECOLLIDO NO ARTIGO 9 DESTE PREGO.

Integración da solvencia con medios externos.

Para acreditar a solvencia necesaria para celebrar un contrato determinado, o empresario poderá basearse na solvencia e medios doutras entidades, independentemente da natureza xurídica dos vínculos que teñan con elas, sempre que demostre que, durante toda a duración da execución do contrato, dispoñerá efectivamente desa solvencia e medios, e a entidade á que recorra non estea incurso nunha prohibición de contratar.

Nas mesmas condicións, os empresarios que concorran agrupados nas unións temporais a que se refire o artigo 69 LCSP, poderán recorrer ás capacidades alleas á unión temporal.

Por tanto, os licitadores poderán acreditar os requisitos específicos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional baseándose na solvencia e medios doutras entidades.

A falta ou insuficiencia da clasificación non poderá suplirse mediante a integración da solvencia con medios externos.

De conformidade co artigo 75.1 LCSP, con respecto aos criterios relativos á experiencia profesional pertinente, as empresas unicamente poderán recorrer ás capacidades doutras entidades se estas van executar as obras para as cales son necesarias ditas capacidades. Nos contratos de obras, de acordo co disposto no artigo 75.4 LCSP, os poderes adjudicadores poderán esixir que determinadas partes ou traballos, en atención á súa especial natureza, sexan executadas directamente polo propio licitador ou, no caso dunha oferta presentada por unha unión de empresarios, por un participante na mesma, sempre que así se previra no prego.

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1185 210 1359 237">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 237 1359 264">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="978 264 1359 291">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

Artigo 6.- Lugar e Forma de presentación das proposicións: Utilización de medios electrónicos

O Concello de Ourense, de conformidade co disposto nas Disposicións Adicionais XV, XVI e XVII da LCSP, dispón que os licitadores que concorran aos procedementos de contratación pública, o farán unicamente en formato electrónico, mediante a presentación das solicitudes de participación e proposicións, a achega de documentos e as comunicacións e notificacións entre licitador e Órgano de Contratación a través da plataforma de contratación pública electrónica que o Concello de Ourense pon á súa disposición, desde a seguinte dirección web:

<https://community.vortal.biz/PRODSTS/Users/Login/Index?SkinName=concelloourense>

garantíndose en todo momento a libre concorrência, non discriminación e restrición de acceso ao devandito procedemento.

Desde a páxina web do Concello de Ourense www.ourense.gal, atópase dispoñible o acceso directo á Plataforma de Licitación Electrónica empregada polo Concello de Ourense, situada na dirección web www.vortal.biz, onde teñen á súa plena disposición toda a documentación relativa á licitación en curso, así como unha canle de comunicación directa co Órgano de Contratación pública do Concello de Ourense, ao que poderán exporlle preguntas, solicitar aclaracións, presentar as ofertas e recibir as notificacións, así como o exercicio de calquera outros dereitos que a normativa aplicable ao proceso de contratación en curso lle confira como licitante.

A plataforma VORTAL utilizada polo Concello de Ourense, cumpre integramente con todos os requisitos legais e técnicos dispostos na LCSP e demais normativa de desenvolvemento, garantíndose en todo momento que:

- Non son discriminatorios, atopándose a disposición do público de forma compatible coas tecnoloxías da información e comunicación de uso xeral.
- Toda a información e as especificacións técnicas necesarias para a presentación electrónica das ofertas e solicitudes de participación atópanse a disposición de todas as partes interesadas na plataforma, sendo de uso xeral e ampla implantación.
- Os sistemas de comunicacións e para o intercambio e almacenamento de información garanten a igualdade entre os licitadores e a integridade dos datos transmitidos e que

 <p data-bbox="400 152 772 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="890 143 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1102 181 1359 232">Praza do Trigo, nº 2 -3 32005-Ourense</p> <p data-bbox="962 239 1359 291">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494 e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	---

só os órganos competentes, na data sinalada para iso, poidan ter acceso aos mesmos, ou que en caso de quebrantamento desta prohibición de acceso, a violación pode detectarse con claridade.

- A aplicación permite acreditar a data e hora da emisión ou recepción das comunicacións, a integridade do seu contido e o remitente e destinatario das mesmas.
- Todos os actos e manifestacións de vontade dos órganos administrativos ou das empresas licitadoras ou contratistas que teñan efectos xurídicos e se emitan tanto na fase preparatoria como nas fases de licitación, adxudicación e execución do contrato son autenticados mediante unha firma electrónica recoñecida de acordo coa Lei 59/2003, do 19 de decembro, de Firma Electrónica, garantíndose tecnicamente que a firma se axusta ás disposicións desta norma.

O acceso a esta plataforma electrónica é gratuíto, e permite realizar a consulta e descarga da documentación relativa ao expediente de contratación, notificacións electrónicas así como a presentación de proposicións.

Para acceder á plataforma os licitadores que non están dados de alta, deberán rexistrarse na dirección electrónica www.vortal.biz, de tal maneira que:

- Deberá seleccionar “Darse de alta” e cumprimentar o rexistro de usuario.
- Posteriormente, deberá rexistrar a súa empresa, ou asociarse a unha empresa xa existente na plataforma.
- E por último, se o desexa, poderá solicitar un certificado de autenticación emitido por VORTAL (cuxa utilidade é a de autenticarse na propia plataforma e que é gratuíto) para acceder á mesma e á información detallada do procedemento. Poderá obter máis información sobre os trámites electrónicos relativos ao rexistro no portal de contratación, contactando co Servizo de Xestión de Clientes de VORTAL no número 917896557 os días laborables de 8 h a 18 h ou a través da dirección de correo electrónico info@vortal.es.

Unha vez efectuado o rexistro gratuíto na plataforma de licitación electrónica VORTAL, tal e como se indica no presente prego, debe seguir os pasos que se describen a continuación para acceder ao expediente:

- Diríxase á páxina de acceso á plataforma www.vortal.biz

 <p>Concello de OURENSE</p>	<p>SERVIZO DE CONTRATACIÓN Praza do Trigo, nº 2 -3 32005-Ourense Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494 e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	---

– Pulse sobre a opción “Buscar licitacións” onde atopará a información relativa a este expediente. Localice e copie o número deste expediente.

– Acceda á plataforma mediante o usuario e o contrasinal definidos no proceso de rexistro, e introduza o número de expediente no buscador dispoñible para tal fin na área de traballo.

Pulse sobre a lupa para realizar a búsqueda.

– Para acceder a toda a información do procedemento, deberá pulsar no botón “Detalle”.

– Tras pulsar en “Estoy interesado”, para enviar unha oferta, deberá pulsar no botón “Crear oferta” no bloque “As miñas OFERTAS”:

Na pestana Información Xeral, introduza unha referencia para a súa oferta.

♣ Na pestana Formulario de resposta deberá contestar as preguntas en cada un dos sobres do procedemento. Neste apartado pódense efectuar preguntas de respostas abertas, listaxes de prezos unitarios, etc. e onde terá que cumprimentar os prezos da súa oferta.

♣ Na pestana Documentos deberá achegar toda a documentación requirida no presente prego nos seus Sobres correspondentes.

– Unha vez realizados todos os pasos anteriores, deberá pulsar o botón “Finalizar creación”.

– Posteriormente deberá pulsar o botón “Asinar todos” e seleccionar un certificado recoñecido para a firma dos documentos.

Os licitadores deberán asinar mediante firma electrónica recoñecida, validamente emitida por un Prestador de Servizos de Certificación e que garanta a identidade e integridade do documento, a oferta e todos os documentos asociados á mesma, nos que sexa necesaria a firma do apoderado, de conformidade co disposto na Lei 59/2003, do 19 de decembro, e demais disposicións de contratación pública electrónica, fóra daqueles documentos que acrediten a constitución da garantía provisional, se procede, que deberán ser en todo caso orixinais.

A firma electrónica recoñecida segundo o artigo 3 da Lei 59/2003, do 19 de decembro, de Firma Electrónica é a firma electrónica avanzada baseada nun certificado recoñecido

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 143 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1107 181 1359 232">Praza do Trigo, nº 2 -3 32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 291">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494 e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	---

(validamente emitida por un Prestador de Servizos de Certificación) e xerada mediante un dispositivo seguro de creación de firma, (por exemplo DNle, ou outras tarxetas criptográficas que reúnan os requisitos establecidos na norma de referencia).

Unha vez asinada a documentación ou oferta, deberá pulsar o botón “Cifrar e enviar” de tal maneira que toda a súa oferta, xunto coa documentación asociada á mesma, quedará cifrada sen que se poida acceder ao seu contido ata a constitución da mesa de contratación. Seguidamente, aparecerá unha xanela onde terá que aceptar as recomendacións para o envío da oferta na plataforma e para terminar, deberá pulsar o botón “Enviar oferta”.

Unha vez presentada unha oferta a través da plataforma xerarase un recibo electrónico que garantirá a data, hora e contido da súa oferta.

A presentación de proposicións e documentos para este procedemento realizarase exclusivamente a través da plataforma na dirección www.vortal.biz, sendo posible realizala durante 24 horas ao día, dende o día da publicación ata as 14:00 horas do trisésimoquinto (35) día natural seguinte ao da publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público (en adiante PLCSP), de conformidade co artigo 156.6 en relación co artigo 63 da LCSP. Se o último día do prazo de presentación da documentación fose inhábil, entenderase prorrogado devandito prazo ao primeiro día hábil seguinte.

En calquera caso, o prazo de presentación de proposicións non poderá ser inferior a trinta e cinco días a contares dende a data do envío do anuncio ao Diario Oficial da Unión Europea.

Os licitadores poderán solicitar do órgano de contratación, dentro dos vinte primeiros días do prazo de presentación de proposicións e documentación, canta información adicional e documentación complementaria estimen necesaria para a presentación das súas ofertas, debendo serlles facilitada con polo menos cinco días de antelación á finalización do prazo de presentación de ofertas (artigo 138 da LCSP).

As proposicións presentaranse en documento electrónico no que figurará a inscrición **“PROPOSICIÓN PARA PARTICIPAR NO PROCEDEMENTO ABERTO CON MÚLTIPLES CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN PARA A CONTRATACIÓN DA REDACCIÓN DO PROXECTO E A EXECUCIÓN DAS OBRAS E A DIRECCIÓN FACULTATIVA PARA A CONSTRUCIÓN E URBANIZACIÓN DO DENOMINADO “PARQUE COTO DE CANEDO”,**

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 232">Praza do Trigo, nº 2 -3 32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 291">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494 e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

QUE INCLÚE ESPAZOS LIBRES, PARQUE PÚBLICO, APARCAMENTO PÚBLICO SOTERRADO, E PISCINA, SITUADO NO SU-32, ZONA 2 DO P.X.O.U. DE 1986, INTERIOR DA MAZÁ FORMADA POLAS RÚAS SAN ROSENDO, SAN FROILÁN, AVDA DAS CALDAS, AVDA. BASILIO ÁLVAREZ, VICTORIA KENT E JESÚS POUSA RODRÍGUEZ”.

As proposicións presentaranse en arquivos electrónicos separados, asinados no seu caso polo licitador, e dentro destes estará:

Arquivo electrónico núm. 1, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, no que constarán os seguintes documentos:

- **Declaración responsable do licitador, segundo modelo incluído no anexo IV,** indicando que cumpre coas condicións establecidas para contratar coa administración e coas sinaladas no artigo 9 deste prego.
- **Documento Europeo Único de Contratación (DEUC),** subscritas pola persoa que asine a proposición.

O DEUC atopase dispoñible no seguinte enlace:
<https://visor.registrodelicitadores.gob.es/espdp-web/filter?lang=es>

En todos os supostos en que varios empresarios concorran agrupados nunha unión temporal, achegarse unha declaración responsable por cada empresa participante na que figurará a información requirida nestes casos no formulario do documento europeo único de contratación.

- **Declaración responsable do licitador, segundo modelo incluído no anexo V, en materia de protección de datos personáis.**

Arquivo electrónico número 2, documentación técnica:

O licitador poderá aportar toda a información descritiva e gráfica que considere oportuna, cunha extensión máxima para este documento de 40 páxinas en formato DIN-A4 en tamaño mínimo de letra Arial 10 ou semellante, incluíndo planos, fotografías, diagramas, esquemas ...etc. Non se valorará a documentación excedente a partir das 40 páxinas ou do sublímite

 <p data-bbox="403 152 770 282">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 232">Praza do Trigo, nº 2 -3 32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 291">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494 e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

senalado en cada apartado. Non se considera que forme parte deste os tres paneis formato A1 contidos no apartado primeiro.

O contido documental virá precedido e organizado do seguinte xeito:

1º.- Unha portada coa denominación do licitador, denominación do contrato e data de publicación no perfil do contratante.

2º.- un índice NUMERADO cos apartados da memoria, que se corresponderán cos descritos no presente prego.

Conterá a seguinte documentación

A: MEMORIA DE PROPOSTA TÉCNICA E DE DISEÑO (22 PÁXINAS)

A1) MEMORIA TÉCNICA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA DO PROXECTO DE ESTACIONAMENTO SOTERRADO, QUE CONTERÁ OS SEGUINTE APARTADOS (11 páxinas)

Co seguinte contido:

1.- Unha valoración detallada por partidas, dos custes de execución das obras de estacionamento. 1 páx.

Valorarase a organización, suficiencia das partidas co obxecto pretendido na proposta, coherencia, concreción e detalle na definición, así como a adecuación dos prezos ó mercado de acordo co importe do anteproxecto.

2.- Posibilidade de mellora do deseño e ampliación do estacionamento 1páx .

Valorarase a posibilidade de que o deseño do aparcamento permita futuras operacións de ampliación en lonxitude e ou en profundidade.

3.- Incorporación de sistemas de aforro de enerxía, 1páx .

	<p>Concello de OURENSE</p>	<p>SERVIZO DE CONTRATACIÓN Praza do Trigo, nº 2 -3 32005-Ourense Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494 e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	---------------------------------------	---

Valorarase a incorporación de sistemas, instalacións ou dispositivos de aforro enerxético, aproveitamento da luz e, ou, da ventilación natural na proposta.

4.- Adecuación e dimensionado de accesos 1 páx. .

Valorarase a suficiencia e adecuación á normativa vixente dos accesos peonís e rodados, a súa calidade funcional, material e ambiental, a integración destes no ámbito urbano e a mínima afección ós usos xerais da rúa coa súa presenza.

5.- Adecuación e dimensionado das prazas e vías de circulación interior. 1 páx. .

Valorarase aportar un correcto deseño e dimensionado das prazas de estacionamento, a xustificación do cumprimento do número mínimo de prazas para vehículos especiais de mantemento, para persoas de mobilidade reducida e para puntos de recarga eléctricos, así coma as reservas de espazo para aseos, cuartos de limpeza e outros usos posibles e ou necesarios. Valorarase asemade a calidade no deseño e na implantación das vías peonís interiores, seguridade de utilización, facilidade de acceso e comunicación co exterior, simplicidade dos percorridos e minoración das distancias por parte dos usuarios.

6.- Xustificación urbanística da proposta 1 páx.

Valorarase a adecuación ó planeamento vixente e ó aprobado provisionalmente da proposta mediante a elaboración dunha táboa ou memoria urbanística nos termos recollidos no art.353.2.d) do Decreto 143/2016 polo que se aproba o regulamento da Lei do Solo de Galicia, así coma a xustificación do cumprimento da proposta naquelas afeccións sectoriais existentes no ámbito da actuación.

7.- Adecuación e suficiencia da proposta estrutural,1 páx.

Valorarase a definición, adecuación e suficiencia da tipoloxía estrutural proposta. Dita tipoloxía deberá satisfacer, entre outros o Código Estrutural vixente, o CTE, e restante normativa de referencia. Para a formulación da proposta deberá terse en conta a adecuación ás cargas definidas nos



Concello de
OURENSE

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: contratacion@ourense.es

Eurocódigos Estruturais, especialmente na consideración das cargas que gravitan sobre o forxado de cuberta do estacionamento.

A xustificación estrutural deberá recoller especificamente a posibilidade de situar medios auxiliares de edificación como grúas, estadas ou outros necesarios para as labores de rehabilitación, reforma ou transformación do tecido urbano e edificatorio circundante atendendo ós aproveitamentos máximos establecidos na normativa urbanística referida no apdo. anterior. Asemade, deberá permitir o tránsito de calquera tipo de vehículos de transporte por estrada.

8.- Adecuación e suficiencia da proposta de instalacións: 1 páx. .

Valorarase a definición, adecuación e suficiencia das instalacións propostas para o estacionamento, debendo definirse aqueles sistemas de instalacións e tipoloxías necesarias para o correcto funcionamento do aparcamento, así como a súa conformidade coa normativa. De ser previsible a implantación de sistemas de transformación de enerxía eléctrica, deberá definirse o emprazamento e características principais destes.

9.- Adecuación e suficiencia da proposta dende o punto de vista da seguridade 1 páx.

Valorarase a definición, adecuación e suficiencia do deseño do estacionamento dende o punto de vista da seguridade en caso de incendio e de utilización, e ante o risco de accidente ou impacto fortuíto coa totalidade dos elementos construtivos que o conformen.

10 Memoria de acabados do estacionamento 1 páx.

Valorarase a definición, adecuación e calidades dos acabados a incorporar nos revestimentos interiores e exteriores do aparcamento.

11 Sustentabilidade global da proposta 1 páx.

Valorarase a avaliación e xustificación do análise da proposta dende o punto de vista da súa sustentabilidade, entendendo como obxecto de dita xustificación a



Concello de
OURENSE

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: contratacion@ourense.es

sustentabilidade económica e enerxética durante a construción, explotación durante a vida útil e renovación da mesma unha vez esgotada a súa vida útil. Estimarase como vida útil do estacionamento a de 50 anos.

A2) MEMORIA TÉCNICA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA DA PROPOSTA DE PROXECTO DO PARQUE (11 páxinas)

1.- Xustificación do deseño e da proposta de cara á optimización dos espazos e funcionalidade dos usos, necesidades e servizos dos ámbitos afectados. 3 páxinas.

Valorarase aportar un correcto deseño e dimensionado dos espazos públicos resultantes, amparándose para ilo no contido do ANTEPROXECTO, debendo manter en todo caso a funcionalidade e prestacións definidas neste, podendo ser obxecto realizar propostas xustificadas de mellora concernentes á funcionalidade, deseño, composición, accesibilidade, prestacións materiais, acabados, durabilidade, sustentabilidade, adaptabilidade e outras que redunden nunha optimización dos recursos previstos para a actuación proxectada de acordo co interese xeral.

Valorarase aportar unha solución de deseño axeitada para as interseccións e encontros coas rúas adxacentes afectadas pola intervención ou as que sexan susceptibles de melloras.

Valorarase a mellora e adaptación do deseño ás indicacións recollidas nos diferentes informes técnicos municipais que constan no expediente.

2 Optimización dos usos peonís do parque. 1 páxina

Valorarase a óptima funcionalidade, accesibilidade e calidade dos espazos peonís resultantes do deseño.

3.- Xustificación do deseño da proposta de cara á xeración de actividades urbanas (actividades, espazos de encontro, etc.) 1 páxina.

Valorarase que o deseño permita mellorar os usos e actividades urbanas proxectadas no parque, así como a posibilidade de fomentar novos usos e actividades



Concello de
OURENSE

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: contratacion@ourense.es

4.- Acondicionamento da accesibilidade ós elementos do parque e accesos 1 páxina.

Valorarase a organización dos percorridos dende o punto de vista da accesibilidade universal, a practicidade durante o uso e mantemento do parque

5.- Proposta de actuación nas redes de servizos urbanos e infraestruturas de servizos afectadas 1 páxina.

A proposta de actuación deberá conter unha análise das problemáticas derivadas da intervención que afecten ás redes de infraestruturas de servizos existentes, tanto municipais como de compañías operadoras ou distribuidoras de servizos urbanos, e xustificarse a validez dos criterios de intervención adoptados.

Valorarase a adecuación e validez do deseño no relativo ó trazado predimensionado das redes de servizos incorporadas á actuación, mantidas ou modificadas.

6.- Incorporación de sistemas de aforro de enerxía 1 páxina.

Valorarase a incorporación á proposta de sistemas ou dispositivos que redunden nun aforro enerxético das instalacións, amoblamento ou equipamento proposto. Os licitadores xustificarán axeitadamente a conveniencia de cada unha das medidas propostas en base ás características do viario afectado.

7.- Incorporación de vexetación e arborado 2 páxinas

Valorarase a incorporación e idoneidade do arborado, xardinería e especies vexetais. Deberán definirse e xustificarse as especies propostas, a súa idoneidade, funcionalidade e relación co parque e entorno edificado.

Valorarase a elección de especies resistentes ó medio, de baixo consumo hídrico e mantemento sinxelo.

8 Sustentabilidade global da proposta 1 páxina.

Valorarase a avaliación e xustificación do análise da proposta dende o punto de vista da súa sustentabilidade, entendendo como obxecto de dita xustificación a sustentabilidade económica e enerxética durante a construción, explotación

	<p>Concello de OURENSE</p>	<p>SERVIZO DE CONTRATACIÓN Praza do Trigo, nº 2 -3 32005-Ourense Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494 e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	---------------------------------------	--

durante a vida útil e renovación da mesma unha vez esgotada a súa vida útil.
Estimarase como vida útil da reurbanización 50 anos

B) MEMORIA TÉCNICA CONSTRUTIVA, AMBIENTAL E DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS. (18 PÁXINAS)

1 Análise das fases de execución 3 páxinas.

Valorarase a concreción e grao de definición e detalle, a concisión e coherencia xeral desta coa proposta e a adecuación á realidade do emprazamento.

2 Definición das afeccións ós usos urbanos, actividades e emerxencias 3 páxinas

Valorarase a definición pormenorizada das principais afeccións que durante as fases propostas se producirán nos usos da rúa e do seu entorno afectado, atendendo ás afeccións a residentes, actividades, servizos urbanos, tráfico, vehículos de emerxencias ou outros.

3 Proposta de solución ás afeccións definidas 3 páxina

Valorarase, en coherencia coas afeccións definidas, a mellor solución de organización dos traballos e do entorno afectado polas obras.

4 Actuación dos equipos de emerxencias 3 páxina

Valorarase, en coherencia coas afeccións definidas, a mellor solución de organización dos traballos e do entorno afectado polas obras en canto á operatividade concreta dos vehículos de emerxencias durante estas

5 Adaptabilidade da proposta de execución 3 páxina

Valorarase a capacidade da proposta de execución para adaptarse a situacións imprevistas ou cambios durante o desenvolvemento dos traballos.

6 Impacto ambiental e control de ruídos durante os traballos 3 páxina

Valorarase a capacidade da proposta de execución para adaptarse a situacións imprevistas ou cambios durante o desenvolvemento dos traballos.

	<p>SERVIZO DE CONTRATACIÓN Praza do Trigo, nº 2 -3 32005-Ourense Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494 e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	---

C) - UN MÁXIMO DE TRES (3) PANEIS EN FORMATO A1, coa descrición gráfica da proposta na que se desenrole, de acordo co contido do anteproxecto e información técnica facilitada ós licitadores, como mínimo a seguinte información:

Plantas a escala da proposta de estacionamento e planta da proposta de urbanización

Seccións lonxitudinais e transversais da proposta a escala e acoutadas

Plantas e seccións dos elementos de acceso e saída ó estacionamento e ó parque

Detalles construtivos máis relevantes ou de puntos singulares da proposta a escala e acoutados

Esquemas xerais das redes de infraestruturas de servizos proxectadas

Memoria de acabados, con representación gráfica destes

Imaxes ilustrativas da proposta de estacionamento

Imaxes ilustrativas da proposta de reurbanización

Imaxes de conxunto

As imaxes poderán ser resultado de fotografías de maquetas, infografías, debuxos, bosquejos, esquemas ou outros medios de representación análogos. **Non se admitirá a entrega de maquetas físicas.**

AS PROPOSTAS QUE NON INCLÚAN A DOCUMENTACIÓN GRÁFICA MÍNIMA ESTABLECIDA, OU SE A MESMA É INCOHERENTE CO CONTIDO DAS MEMORIAS VERÁN DIMINUÍDA A PUNTUACIÓN OBTIDA TRA-LA AVALIACIÓN DAS MEMORIAS DEFINIDAS NO PUNTO ANTERIOR EN ATA 12 PUNTOS EN FUNCIÓN DO GRADO DE INCUMPRIMENTO.

A BAIXA CALIDADE GRÁFICA OU ILEXIBILIDADE DO CONTIDO DOS PANEIS SUPORÁ UNHA DIMINUCCIÓN DA PUNTUACIÓN OBTIDA TRA-LA AVALIACIÓN DAS MEMORIAS

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 143 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1107 181 1359 232">Praza do Trigo, nº 2 -3 32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 291">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494 e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

TÉCNICAS DEFINIDAS EN ATA 10 PUNTOS EN FUNCIÓN DO GRADO DE INCUMPRIMENTO.

NO CASO DE QUE COMO CONSECUENCIA DESTAS REDUCCIÓNS NON SE CHEGARA A UN MINIMO DE 25 PUNTOS DE VALORACIÓN GLOBAL NAS MEMORIAS SUPORÁ A EXCLUSIÓN DO LICITADOR.

A FALTA DE PRESENTACIÓN DOS PANEIS SUPORÁ A EXCLUSIÓN DO LICITADOR

IMPORTANTE: PARA PODER SER OBXECTO DE VALORACIÓN AS OFERTAS ECONÓMICAS SERÁ PRECISO ACADAR NAS MEMORIAS TÉCNICAS AS PUNTUACIÓNS MÍNIMAS SINALADAS NO ARTIGO 8 DESTE PREGO DE 15 E 10 PUNTOS RESPECTIVAMENTE.

Arquivo electrónico núm. 3, PROPOSICIÓN ECONÓMICA: que conterà a proposición económica axustada ao modelo inserido ao final deste prego (anexo I). Non se aceptarán variantes nin alternativas.

Artigo 7.- Prazo de presentación das proposicións: Apertura de proposicións e mesa de contratación.

O prazo para presentar as proposicións será de **35 días naturais**, contados a partir do seguinte a aquel no que publique o anuncio no Perfil do Contratante dentro da Plataforma de Contratos del sector publico

Poderán concorrer a este procedemento as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar e non estean incurso en causa de prohibición ou incompatibilidade.

As persoas xurídicas só poderán ser adjudicatarias de contratos cuxas prestacións estean comprendidas dentro dos fins, obxecto ou ámbito de actividade que, a tenor dos seus estatutos ou regras fundacionais, lles sexan propios.

Os que acudan á licitación poderán facelo por si ou por persoa autorizada, mediante poder validado, sempre que non estean incurso en causa de prohibición ou incompatibilidade.

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1185 210 1359 239">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 268">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="978 268 1359 297">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

As circunstancias relativas á capacidade, e ausencia de prohibicións de contratar deberán concorrer na data final de presentación de ofertas, e subsistir no momento de perfección do contrato

De conformidade co disposto no Artigo 326 e do punto sete da Disposición adicional segunda da LCSP constituirase unha mesa de contratación, que estará formada pola Coordinador Xeral que actuará como presidente; actuando como vogais o asesor xurídico, o interventor municipal, e o Técnico de Administración Xeral Javier Rivera Martínez, que ademais da súa condición de vogal realizará as funcións de Secretario.

Suplentes: Oficial maior, (presidente), o asesor(a) xurídico(a) adxunto ou a viceasesora xurídica segundo sexa designado pola Asesoría xurídica, un (a) técnico designado por la Intervención municipal, sendo suplente do secretario a Técnico de Administración Xeral Ana Díaz.

A composición da mesa poderá modificarse por simple acordo do órgano de contratación.

A licitación axustarase ás normas establecidas na lexislación vixente.

A mesa de contratación poderá solicitar antes de formular a proposta, os informes técnicos que considere necesarios e que teñan relación co obxecto do contrato.

Unha vez analizada a suficiencia da declaración contida no sobre numero 1, e se non existiran deficiencias que subsanar, procederá a apertura do sobre numero 2, relativo a oferta técnica, e do seu contido daráselle traslado o técnico municipal para que proceda á avaliación das ofertas presentadas nun prazo non superior a dez días.

Unha vez efectuada a valoración e atribuída a puntuación correspondente, procederase a apertura do sobre 3 que contén as ofertas económicas.

A apertura desta oferta económica realizarase unha vez valorados os criterios non cuantificables automaticamente.

Artigo 8.- Valoración das proposicións.

 <p data-bbox="400 152 772 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 143 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1107 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1187 210 1359 239">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 268">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="979 268 1359 297">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

As ofertas presentadas valoraranse aplicando as seguintes porcentaxes:

Aplicaranse os seguintes criterios sobre unha puntuación máxima de 100 puntos.

FÓRMULA DE VALORACIÓN= (55/100)*A + B =100 PUNTOS

A Criterios avaliados mediante fórmula

B Criterios non avaliados mediante fórmulas

A CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS E FORMULAS

PEmax= PE1+PE2+PE3+PE4 = 100 puntos.

PE1 Oferta económica:	60 puntos.
PE2 Elaboración documental do proxecto e da obra en formato BIM	10 puntos
PE3 Redución do prazo de execución	20 puntos
PE4.- Ampliación do prazo de garantía	10 puntos

PE1: REDUCCION DO PREZO = 60 puntos

As puntuacións das ofertas económicas obteranse segundo o seguinte proceso:

1. Cálculo da baixa media Bm:

A baixa media Bm é a media aritmética das baixas Bi ofertadas por tódolos licitadores admitidos, expresada en porcentaxe sobre o orzamento de licitación.

Para o cálculo da baixa media, os efectos da súa avaliación económica, e no caso de presentación en distintas ofertas de empresas pertencentes a un mesmo grupo empresarial, tan só será considerada a máis económica entre as que se atopan neste suposto, por cada grupo empresarial.

2. Cálculo da baixa de referencia Br:

Determinarase a “desviación típica” das baixas ofertadas, obtida mediante a seguinte fórmula:

	<p>Concello de OURENSE</p>	<p>SERVIZO DE CONTRATACIÓN Praza do Trigo, nº 2 -3 32005-Ourense Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494 e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	---------------------------------------	--

$$\sigma = \sqrt{\frac{\sum_{i=1}^N (B_i - B_m)^2}{N}}$$

B_m= media aritmética das baixas ofertadas

B_i = Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación

N= numero de ofertas de todos os licitadores admitidos

Entre todas as ofertas elixiranse aquelas con baixas comprendidas no intervalo da baixa media $\pm a$

desviación típica:

$$(B_m - \sigma) \leq B_i \leq (B_m + \sigma)$$

A baixa de referencia B_r é a media aritmética das baixas B_i que cumpran a condición anterior.

3. Puntuación das ofertas económicas:

As puntuacións das ofertas económicas (P_{OE}) obtéranse segundo a seguinte fórmula, redondeándose o segundo decimal:

$$P_{OE} = 60 * (B_i / B_e)^{1/10}$$

Sendo:

B_i = Baixa da oferta para a que se quere determinar a puntuación.

B_e = Baixa da oferta máis económica de todas as admitidas.

Para aplicar a antedita fórmula, entenderase por baixa dunha oferta, a diferenza entre o orzamento base de licitación (IVE incluído) e o importe da oferta correspondente (IVE incluído), expresado en tanto por cento.

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1185 210 1359 237">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 237 1359 264">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="978 264 1359 291">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

Considerase como oferta más económica Be, a máis baixa das admitidas, sempre que supere o límite mínimo de puntuación técnica establecido e que no fora rexeitada por presentar valores anormalmente baixos.

A baixa de referencia **Br**, soamente calcularase unha vez e con respecto ao conxunto inicial das ofertas, independentemente daquelas que sexan rexeitadas con posterioridade por presentar valores anormalmente baixos.

A valoración económica final PE1i de cada oferta redondearase ao segundo decimal 2.

Ofertas anormalmente baixas:

Considerarase que están incursas en presunción de anormalidade aquelas proposicións cuxa baixa exceda en 5 puntos porcentuais do valor da baixa de referencia (Br), calculada segundo os criterios de adxudicación.

PE2.- ELABORACIÓN DOCUMENTAL EN FORMATO BIM. 10 PUNTOS.

Puntuarase con 10 puntos aqueles licitadores que se comprometan á elaboración, desenrolo e entrega tanto do proxecto básico como do proxecto de execución e documentación de seguimento e finalización das obras en formato BIM de acordo coa norma ISO 19650 ou protocolo equivalente. Asemade de dito formato, a documentación tanto dos proxectos como das obras será entregada nos formatos definidos no Anexo A do PPT.

PE3: REDUCCIÓN DO PRAZO DE EXECUCIÓN: 20 Puntos

REDUCCIÓN PRAZO DURANTE FASE 1 (5 PUNTOS) Puntuarase con 5 puntos a redución do prazo nun MES.

REDUCCIÓN PRAZO DURANTE FASE 2 (5 PUNTOS) Puntuarase con 5 puntos a redución do prazo nun MES.

REDUCCIÓN PRAZO DURANTE FASE 3 (10 PUNTOS) Puntuarase con 2 puntos cada mes de redución do prazo de execución das obras ata un máximo de 5 MESES.

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1185 210 1359 239">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 268">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="978 268 1359 297">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	---

PE4: AMPLIACION DO PRAZO DE GARANTIA = 10 Puntos Puntuarase con 5 puntos por cada 12 meses de ampliación do prazo obrigatorio de garantía da obra, ata un máximo de 24 meses para contratos de obras establecido no art. 243.3 da LCSP, non valorándose incrementos de prazo superiores nin inferiores.

CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR

Atendendo os seguintes criterios:

A) MEMORIA DE PROPOSTA TÉCNICA E DE DESEÑO (25 PUNTOS), QUE

INCLÚE:

A1) MEMORIA TÉCNICA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA DO PROXECTO DE ESTACIONAMENTO SOTERRADO, QUE CONTERÁ OS SEGUINTE APARTADOS (11 puntos)

A2) MEMORIA TÉCNICA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA DA PROPOSTA DE PROXECTO DO PARQUE (14 puntos)

B) MEMORIA TÉCNICA CONSTRUTIVA, AMBIENTAL E DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS. 20 puntos

A) MEMORIA DE PROPOSTA TÉCNICA E DE DESEÑO

A1) MEMORIA TÉCNICA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA DO PROXECTO DE ESTACIONAMENTO SOTERRADO, QUE CONTERÁ OS SEGUINTE APARTADOS (11 puntos)

Co seguinte contido:

1.- Unha valoración detallada por partidas, dos custes de execución das obras de estacionamento. 1 punto.

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1185 210 1359 239">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 268">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="978 268 1359 297">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

Valorarase a organización, suficiencia das partidas co obxecto pretendido na proposta, coherencia, concreción e detalle na definición, así como a adecuación dos prezos ó mercado de acordo co importe do anteproxecto.

2.- Posibilidade de mellora do deseño e ampliación do estacionamento 1 punto .

Valorarase a posibilidade de que o deseño do aparcamento permita futuras operacións de ampliación en lonxitude e ou en profundidade.

3.- Incorporación de sistemas de aforro de enerxía, 1 punto .

Valorarase a incorporación de sistemas, instalacións ou dispositivos de aforro enerxético, aproveitamento da luz e, ou, da ventilación natural na proposta.

4.- Adecuación e dimensionado de accesos 1 punto .

Valorarase a suficiencia e adecuación á normativa vixente dos accesos peonís e rodados, a súa calidade funcional, material e ambiental, a integración destes no ámbito urbano e a mínima afección ós usos xerais da rúa coa súa presenza.

5.- Adecuación e dimensionado das prazas e vías de circulación interior. 1 punto .

Valorarase aportar un correcto deseño e dimensionado das prazas de estacionamento, a xustificación do cumprimento do número mínimo de prazas para vehículos especiais de mantemento, para persoas de mobilidade reducida e para puntos de recarga eléctricos, así coma as reservas de espazo para aseos, cuartos de limpeza e outros usos posibles e ou necesarios. Valorarase asemade a calidade no deseño e na implantación das vías peonís interiores, seguridade de utilización, facilidade de acceso e comunicación co exterior, simplicidade dos percorridos e minoración das distancias por parte dos usuarios.

6.- Xustificación urbanística da proposta 1 punto

Valorarase a adecuación ó planeamento vixente e ó aprobado provisionalmente da proposta mediante a elaboración dunha táboa ou memoria urbanística nos termos recollidos no art.353.2.d) do Decreto 143/2016 polo que se aproba o regulamento da Lei do Solo de Galicia, así coma a xustificación do cumprimento da proposta naquelas afeccións sectoriais existentes no ámbito da actuación.



Concello de
OURENSE

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: contratacion@ourense.es

7.- Adecuación e suficiencia da proposta estrutural,1 punto.

Valorarase a definición, adecuación e suficiencia da tipoloxía estrutural proposta. Dita tipoloxía deberá satisfacer, entre outros o Código Estrutural vixente, o CTE, e restante normativa de referencia. Para a formulación da proposta deberá terse en conta a adecuación ás cargas definidas nos Eurocódigos Estruturais, especialmente na consideración das cargas que gravitan sobre o forxado de cuberta do estacionamento. A xustificación estrutural deberá recoller especificamente a posibilidade de situar medios auxiliares de edificación como grúas, estadas ou outros necesarios para as labores de rehabilitación, reforma ou transformación do tecido urbano e edificatorio circundante atendendo ós aproveitamentos máximos establecidos na normativa urbanística referida no apdo. anterior. Asemade, deberá permitir o tránsito de calquera tipo de vehículos de transporte por estrada.

8.- Adecuación e suficiencia da proposta de instalacións: 1 punto .

Valorarase a definición, adecuación e suficiencia das instalacións propostas para o estacionamento, debendo definirse aqueles sistemas de instalacións e tipoloxías necesarias para o correcto funcionamento do aparcamento, así como a súa conformidade coa normativa. De ser previsible a implantación de sistemas de transformación de enerxía eléctrica, deberá definirse o emprazamento e características principais destes.

9.- Adecuación e suficiencia da proposta dende o punto de vista da seguridade 1 punto.

Valorarase a definición, adecuación e suficiencia do deseño do estacionamento dende o punto de vista da seguridade en caso de incendio e de utilización, e ante o risco de accidente ou impacto fortuíto coa totalidade dos elementos construtivos que o conformen.

10 Memoria de acabados do estacionamento 1 punto .

Valorarase a definición, adecuación e calidades dos acabados a incorporar nos revestimentos interiores e exteriores do aparcamento.

 <p data-bbox="403 152 770 282">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1107 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1187 210 1359 239">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 268">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="979 268 1359 297">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

11 Sustentabilidade global da proposta 1 punto.

Valorarase a avaliación e xustificación do análise da proposta dende o punto de vista da súa sustentabilidade, entendendo como obxecto de dita xustificación a sustentabilidade económica e enerxética durante a construción, explotación durante a vida útil e renovación da mesma unha vez esgotada a súa vida útil. Estimarase como vida útil do estacionamento 50 anos.

A2) MEMORIA TÉCNICA DESCRIPTIVA E XUSTIFICATIVA DA PROPOSTA DE PROXECTO DO PARQUE (14 puntos)

1.- Xustificación do deseño e da proposta de cara á optimización dos espazos e funcionalidade dos usos, necesidades e servizos dos ámbitos afectados. 3 puntos.

Valorarase aportar un correcto deseño e dimensionado dos espazos públicos resultantes, amparándose para ilo no contido do ANTEPROXECTO, debendo manter en todo caso a funcionalidade e prestacións definidas neste, podendo ser obxecto realizar propostas xustificadas de mellora concernentes á funcionalidade, deseño, composición, accesibilidade, prestacións materiais, acabados, durabilidade, sustentabilidade, adaptabilidade e outras que redunden nunha optimización dos recursos previstos para a actuación proxectada de acordo co interese xeral.

Valorarase aportar unha solución de deseño axeitada para as interseccións e encontros coas rúas adxacentes afectadas pola intervención ou as que sexan susceptibles de melloras.

Valorarase a mellora e adaptación do deseño ás indicacións recollidas nos diferentes informes técnicos municipais que constan no expediente.

2 Optimización dos usos peonís do parque. 1 punto

Valorarase a óptima funcionalidade, accesibilidade e calidade dos espazos peonís resultantes do deseño.



Concello de
OURENSE

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: contratacion@ourense.es

3.- Xustificación do deseño da proposta de cara á xeración de actividades urbanas (actividades, espazos de encontro, etc.) 1 punto.

Valorarase que o deseño permita mellorar os usos e actividades urbanas proxectadas no parque, así como a posibilidade de fomentar novos usos e actividades.

4.- Acondicionamento da accesibilidade ós elementos do parque e accesos 2 puntos.

Valorarase a organización dos percorridos dende o punto de vista da accesibilidade universal, a practicidade durante o uso e mantemento do parque

5.- Proposta de actuación nas redes de servizos urbanos e infraestruturas de servizos afectadas 2 puntos.

A proposta de actuación deberá conter unha análise das problemáticas derivadas da intervención que afecten ás redes de infraestruturas de servizos existentes, tanto municipais como de compañías operadoras ou distribuidoras de servizos urbanos, e xustificarse a validez dos criterios de intervención adoptados.

Valorarase a adecuación e validez do deseño no relativo ó trazado predimensionado das redes de servizos incorporadas á actuación, mantidas ou modificadas.

6.- Incorporación de sistemas de aforro de enerxía 2 puntos.

Valorarase a incorporación á proposta de sistemas ou dispositivos que redunden nun aforro enerxético das instalacións, amoblamento ou equipamento proposto. Os licitadores xustificarán axeitadamente a conveniencia de cada unha das medidas propostas en base ás características do viario afectado.

7.- Incorporación de vexetación e arborado 2 puntos



Concello de
OURENSE

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: contratacion@ourense.es

Valorarase a incorporación e idoneidade do arborado, xardinería e especies vexetais. Deberán definirse e xustificarse as especies propostas, a súa idoneidade, funcionalidade e relación co parque e entorno edificado.

Valorarase a elección de especies resistentes ó medio, de baixo consumo hídrico e mantemento sinxelo.

8 Sustentabilidade global da proposta 1 punto.

Valorarase a avaliación e xustificación do análise da proposta dende o punto de vista da súa sustentabilidade, entendendo como obxecto de dita xustificación a sustentabilidade económica e enerxética durante a construción, explotación durante a vida útil e renovación da mesma unha vez esgotada a súa vida útil. Estimarase como vida útil da reurbanización 50 anos

B) MEMORIA TÉCNICA CONSTRUTIVA, AMBIENTAL E DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS. 20 puntos

1 Análise das fases de execución 2 puntos.

Valorarase a concreción e grao de definición e detalle, a concisión e coherencia xeral desta coa proposta e a adecuación á realidade do emprazamento.

2 Definición das afeccións ós usos urbanos, actividades e emerxencias 5 puntos

Valorarase a definición pormenorizada das principais afeccións que durante as fases propostas se producirán nos usos da rúa e do seu entorno afectado, atendendo ás afeccións a residentes, actividades, servizos urbanos, tráfico, vehículos de emerxencias ou outros

3 Proposta de solución ás afeccións definidas 5 puntos.

Valorarase, en coherencia coas afeccións definidas, a mellor solución de organización dos traballos e do entorno afectado polas obras.

4 Actuación dos equipos de emerxencias 1 punto



Concello de
OURENSE

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: contratacion@ourense.es

Valorarase, en coherencia coas afeccións definidas, a mellor solución de organización dos traballos e do entorno afectado polas obras en canto á operatividade concreta dos vehículos de emerxencias durante estas

5 Adaptabilidade da proposta de execución 2 puntos

Valorarase a capacidade da proposta de execución para adaptarse a situacións imprevistas ou cambios durante o desenrolo dos traballos.

6 Impacto ambiental e control de ruídos durante os traballos 5 puntos

Valorarase a capacidade da proposta de execución para adaptarse a situacións imprevistas ou cambios durante o desenrolo dos traballos.

NOTA IMPORTANTE: OS EFECTOS DA VALORACIÓN DESTA DOCUMENTACIÓN QUEDARÁN EXCLUIDAS DA LICITACIÓN AQUELAS OFERTAS TÉCNICAS QUE NON ACADEN UN MÍNIMO DE QUINCE PUNTOS (15) NO DOCUMENTO A (MEMORIA DE PROPOSTA TÉCNICA E DE DESEÑO) E DE DEZ PUNTOS (10) NO DOCUMENTO B (MEMORIA TÉCNICA CONSTRUTIVA, AMBIENTAL E DE PROGRAMACIÓN E EXECUCIÓN DAS OBRAS)

DE IGUAL MODO AS REFERIDAS MEMORIAS DEBERÁN SER COHERENTES COAS DESCRICIÓNS GRÁFICAS COMPLEMENTARIAS DOS PANEIS EN FORMATO A1 DEFINIDOS NO ARQUIVO ELECTRÓNICO NUMERO 2 DO ARTIGO 6 DESTE PREGO.

AS PROPOSTAS QUE NON INCLÚAN A DOCUMENTACIÓN GRÁFICA MÍNIMA ESTABLECIDA, OU SE A MESMA É INCOHERENTE CO CONTIDO DAS MEMORIAS VERÁN DIMINUÍDA A PUNTUACIÓN OBTIDA TRA-LA AVALIACIÓN DAS MEMORIAS DEFINIDAS NO PUNTO ANTERIOR EN ATA 12 PUNTOS EN FUNCIÓN DO GRADO DE INCUMPRIMENTO.

A BAIXA CALIDADE GRÁFICA OU ILEXIBILIDADE DO CONTIDO DOS PANEIS SUPORÁ UNHA DIMINUCCIÓN DA PUNTUACIÓN OBTIDA TRA-LA AVALIACIÓN DAS MEMORIAS

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 143 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 232">Praza do Trigo, nº 2 -3 32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 291">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494 e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

TÉCNICAS DEFINIDAS EN ATA 10 PUNTOS EN FUNCIÓN DO GRADO DE INCUMPRIMENTO.

NO CASO DE QUE COMO CONSECUENCIA DESTAS REDUCCIÓNS NON SE CHEGARA A UN MINIMO DE 25 PUNTOS DE VALORACIÓN GLOBAL NAS MEMORIAS SUPORÁ A EXCLUSIÓN DO LICITADOR.

A FALTA DE PRESENTACIÓN DOS PANEIS SUPORÁ A EXCLUSIÓN DO LICITADOR.

Artigo 9.- Ordenación decrecente das ofertas

O órgano de contratación, a proposta da Mesa, clasificará as proposicións presentadas por orde decrecente, segundo os criterios sinalados no artigo anterior, e requirirá ao licitador máis vantaxoso para que dentro do prazo de dez días hábiles seguintes, a contar desde o seguinte a aquel en que se recibiu o requirimento, presente todo ou parte da seguinte documentación, en función de se a empresa áchase ou non rexistrada no Rexistro oficial de licitadores e empresas clasificadas no sector publico ou no Rexistro xeral de contratistas da Xunta de Galicia

Doc. 1: presentación do contratista, asinada. Débese completar unha folla cos seguintes datos:

- Razón social da empresa:
- CIF, NIF ou NIE:
- Dirección física da empresa:
 - Provincia:
 - Cidade:
 - Rúa/estrada:
 - Núm./Km.:
 - Código postal:
 - Teléfono:
 - Fax:
 - Correo electrónico:
 - Nome do representante legal e núm. do DNI:
 - Persoa de contacto:
 - Número total de traballadores:
 - Sector:

 <p data-bbox="403 152 770 282">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1107 181 1359 208">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1187 210 1359 237">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 266">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="979 268 1359 295">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

Doc. 2: documentos que acredite a personalidade do licitador. DNI, se é empresario individual ou escritura de constitución ou modificación, debidamente inscrita no Rexistro Mercantil, se é persoa xurídica. Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro deberán presentar o DNI e **poder debidamente validado pola Asesoría Xurídica do Concello de Ourense.**

Cando dúas ou máis empresas presenten oferta conxunta de licitación, cada unha delas acreditará a súa personalidade e capacidade, debendo indicar os nomes e as circunstancias dos empresarios que a subscriban, a participación de cada un deles e designar un representante ou apoderado único que ostente a plena representación de todos fronte á administración. As empresas agrupadas deberán acreditar ante a administración, se resultaren adjudicatarias, a constitución da agrupación e o CIF desta.

NOTA INFORMATIVA: O devandito bastanteo deberá emitirse pola Asesoría Xurídica do Concello de Ourense (previo pago da Taxa vixente). O pago pode efectuarse a través da sede electrónica municipal <https://sede.ourense.gob.es/>, tributos municipais, picando no apartado – “Pago de taxas pola tramitación de diferentes documentos e pola expedición dos mesmos”.

Doc. 3: certificación de clasificación do contratista expedido pola Xunta Consultiva de Contratación Administrativa do Estado ou da Comunidade Autónoma, de ter a seguinte clasificación:

Grupo: C, Edificacións. **Subgrupo: 2,** Estructuras de fábrica u hormigón. **Categoría 4**

Grupo: G, Viales y pistas. **Subgrupo: 6,** traballos de viales sin cualificación específica **Categoría 5**

Doc. 4: Solvencia técnica relativa a adscrición de medios persoais, relacionando os diferentes intervinientes no proceso de redacción do proxecto e execución das obras, xustificarse de conformidade co establecido no Artigo 5 deste prego, presentando os certificados acreditativos de ter a experiencia esixida.

Doc. 5: Declaración responsable do contratista sobre a ubicación dos servidores e o lugar de prestación dos servizos asociados os mesmos, segundo modelo do anexo VI deste prego.

 <p data-bbox="403 152 770 282">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1107 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1187 210 1359 239">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 268">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="979 268 1359 297">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

Doc. 6: certificado de estar ao corrente das súas obrigas tributarias, coa facenda estatal, facenda autonómica, e seguridade social, e de non existir débeda de natureza tributaria en período executivo.

Doc. 7.- Xustificación de estar dado de alta e ó día no Imposto de Actividades Económicas, mediante a presentación do último recibo o certificado de exención.

Doc. 8.- certificado de ter constituída a garantía definitiva na Tesourería Municipal por importe do cinco por cento do prezo final ofertado, IVE excluído.

- **A comprobación da inexistencia de débedas en período executivo co Concello de Ourense realizarase de oficio polo Servizo de contratación e incorporarase o expediente.**

Os documentos poderán presentarse orixinais ou mediante copias destes que teñan carácter de auténticas conforme á lexislación vixente.

Se no prazo anteriormente sinalado non se cumprimentase esta documentación, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, e requirirase a mesma documentación do seguinte licitador, sen prexuízo de que -se observase erros ou defectos materiais na documentación presentada- ten a facultade de solicitarlle o licitador que emende o erro no prazo de cinco días.

De conformidade co disposto no Artigo 150.2 da LCSP, no caso de que non se cumprimente esta obriga, procederase a esixirle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Artigo 10.- Garantía definitiva.

O prazo para constituír a garantía definitiva será de dez (10) días hábiles a contar dende o seguinte a aquel no que houberse recibido o requirimento.

O importe da fianza definitiva será do 5 por 100, do importe de adxudicación, IVE excluído. De non cumprir este requisito por causas imputables ao adxudicatario entenderase que o licitador a retirado a súa oferta e recadarase a mesma documentación do seguinte licitador. O modelo de aval e seguro de caución constan no anexo II e anexo III.

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1185 210 1359 239">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 268">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="978 268 1359 297">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

Artigo 11.- Adxudicación.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos dez (10) días hábiles seguintes ao recibo da documentación.

A adxudicación, que será motivada, notificarase aos licitadores e publicarase no PERFIL DO CONTRATANTE (Web: www.ourense.gal), e na Plataforma de contratación do sector publico.

Artigo 12.- Formalización do contrato.

A formalización do contrato, en documento administrativo, materializarase unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles contados desde que se remita a notificación da adxudicación aos licitadores, sempre que no devandito prazo non se interpoña recurso especial en materia de contratación (artigo 153.3 da LCSP).

Presentada a documentación administrativa, e dentro dos cinco días hábiles seguintes a recepción da documentación, requirirase o adxudicatario para que, transcorrido o prazo indicado no parágrafo anterior, proceda a formalizar o contrato no prazo de cinco días (Artigo 153.3 LCSP).

De conformidade co disposto no artigo 154 da LCSP, a formalización publicarase, en todo caso, no perfil do contratante, en prazo non superior a quince días tras o perfeccionamento do contrato, conxuntamente con leste.

Cando, por causas imputables ó adxudicatario, non se formalice o contrato dentro do prazo indicado, esixiráselle o importe do 3 por cento do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade, que se fará efectivo, en primeiro lugar, contra a garantía definitiva, si se constituíu.

Neste caso, o contrato adxudicarase ao seguinte licitador pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas, previa presentación da documentación establecida no Artigo 9, para o que se lle concederá o prazo de dez días hábiles.

Artigo 13.- Inicio das Obras.

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1185 210 1359 237">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 237 1359 264">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="978 264 1359 291">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

Aprobado o proxecto definitivo, de conformidade co procedemento descrito no Artigo 3 deste prego, procederase a sinatura da acta de comprobación de planeamento que suporá a posta a disposición do contratista dos terreos necesarios para a execución deste contrato, e o inicio do cómputo do prazo para a execución da obra.

Se non houberse disposición dos terreos precisos, ou por algunha outra causa de interese publico debidamente xustificada se renunciase a executar as obras polo Concello, este deberá abonar a indemnización prevista no segundo parágrafo do Artigo 234.5 da Lei de contratos do sector publico.

O contrato poderá ser resolto e o contratista só terá dereito a percibir o prezo do proxecto sen ter dereito a percibir indemnización algunha pola obra deixada de executar.

Artigo 14- Execución do contrato, penalidades por execución defectuosa e inexecución parcial condicións especiais de execución, cesión do contrato e subcontratación.

As obras realizaranse de conformidade coas estipulacións recollidas no presente Prego de Cláusulas Administrativas e no Proxecto de Execución. Corresponde á Administración exercer, de xeito continuado e directo, a inspección das obras durante a súa execución.

Execución do contrato

O contrato executarase con estrita suxeición ao disposto neste prego e nas prescricións técnicas que serven de base ao contrato. O adxudicatario asume o compromiso de emendar as deficiencias advertidas na execución da obra, no prazo máximo de 15 días naturais desde a recepción do requirimento que se lle curse co devandito fin polo Director facultativo.

En caso contrario, imporáselle unha penalidade por execución defectuosa por importe equivalente ao 3% do prezo de adxudicación, IVE excluído e, de persistir o incumprimento, sucesivas penalidades por importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación IVE excluído, sen que o conxunto da totalidade das penalidades impostas por execución defectuosa poida exceder do 50% do prezo de adxudicación IVE excluído.

Idéntica previsión será de aplicación nos supostos de inexecución parcial da prestación imputable ao contratista e de incumprimento das condicións especiais de execución previstas neste prego (artigo 192 da LCSP). Ditas penalidades imporanse por acordo do órgano de

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1107 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1187 210 1359 239">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 268">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="979 268 1359 297">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

contratación a proposta do responsable do contrato de conformidade co disposto no artigo 194.2 da LCSP.

O contratista deberá executar as obras con materiais e medios de primeira calidade e nas condicións esixidas no Proxecto aprobado e toda a documentación que a integra, así como de conformidade coas instrucións ou regulamentos técnicos nacionais obrigatorios, sempre e cando sexan compatibles co Dereito comunitario nos termos establecidos no artigo 126.5 da LCSP.

Así mesmo, deberá empregar os elementos persoais e auxiliares máis cualificados nas condicións esixidas pola boa práctica da construción.

Recepción e recusación de materiais.- O contratista só pode empregar os materiais na obra, previo exame e aceptación polo Director facultativo das obras, nos termos e formas que este sinala, para o correcto cumprimento das condicións convidadas. Se o Director facultativo non aceptase os materiais sometidos o seu exame, deberá comunicarllo por escrito ao contratista, sinalando as causas que motiven tal decisión.

Obras defectuosas ou mal executadas.- Ata que teña lugar a aprobación da devolución da garantía definitiva, o contratista responderá da execución da obra contratada e das faltas que nela houbera, sen que sexa eximente, nin lle dea dereito algún, a circunstancia de que os representantes da Administración examinaran o recoñecido, durante a súa construción, as partes e unidades da obra ou os materiais empregados, nin que foran incluídos estes e aqueles nas medicións e certificacións parciais.

Demolición e reconstrución das obras defectuosas ou mal executadas.- Si se advirten vicios ou defectos na construción, ou se teñen fundadas razóns para crer que existen vicios ocultos na obra executada, o Director facultativo ordenará durante o curso da execución, e sempre antes da aprobación da devolución da garantía definitiva, a demolición e reconstrución das unidades de obra en que se dean aquelas circunstancias, ou as accións precisas para comprobar a existencia de tales defectos ocultos.

Cando a xuízo do Director/a da obra algunha parte estivese mal executada, o contratista estará obrigado a volver a realizala sen ningún custe para a Administración.

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1107 181 1359 208">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1187 210 1359 237">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 266">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="979 268 1359 295">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

Responsabilidade por vicios ocultos.- Se a obra se arruína con posterioridade a expiración do prazo de garantía por vicios ocultos da construción, debido ao incumprimento do contrato por parte do contratista, responderá este dos danos e prexuízos que se manifesten durante o termo de quince anos a contar dende a recepción.

Transcorrido este prazo sen que se manifestara ningún dano ou prexuízo, quedará totalmente extinguida a responsabilidade do contratista, de conformidade co artigo 244 da LCSP.

Establécense como condicións especiais de execución, en aplicación do establecido no Artigo 202 da LCSP, as seguintes:

Na execución do contrato, a empresa contratista ou subcontratista garantirá a igualdade entre mulleres e homes no trato, no acceso ao emprego, clasificación profesional, promoción, permanencia, formación, extinción, retribucións, calidade e estabilidade laboral, duración e ordenación da xornada laboral.

Así mesmo, durante a execución do contrato a empresa contratista ou subcontratista manterá medidas que favorezan a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das persoas adscritas á execución.

No caso de que para a execución do contrato sexa necesaria unha contratación nova de persoal, e a empresa contratista ou subcontratista conte cunha representación desequilibrada de mulleres en persoal, deberá realizar para a execución do contrato, e durante todo o prazo de execución, polo menos unha nova contratación de muller ou transformar polo menos unha contratación temporal de muller en contratación indefinida.

Entenderase por persoal desequilibrado aquela que conte cunha representación ou presenza de mulleres inferior ao 40 por cento do total da mesma.

O adxudicatario, previa autorización do Concello de Ourense, poderá ceder a terceiros o contrato adxudicado sempre que teña executado, polo menos, o 20% do importe do mesmo e que o cesionario acredite estar en posesión os requisitos de capacidade, solvencia e ausencia de prohibición de contratar esixidos para participar na convocatoria. A cesión deberá formalizarse en escritura pública subrogándose o cesionario nos dereitos e obrigacións do cedente (artigo 214 da LCSP).

O adxudicatario poderá subcontratar con terceiros a realización parcial da prestación ata o importe máximo do 60% do prezo de adxudicación, de conformidade co disposto no artigo 215 da LCSP. En todo caso, o contratista deberá comunicar por escrito, tras a adxudicación do contrato e, como moi tarde, cando inicie a execución deste, ao órgano de contratación, a intención de celebrar os subcontratos, sinalando a parte da prestación que se pretende

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1185 210 1359 237">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 237 1359 264">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="978 264 1359 291">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

subcontratar e a identidade, datos de contacto e representante ou representantes legais do subcontratista, e xustificando suficientemente a aptitude deste para executala por referencia aos elementos técnicos e humanos de que dispón e á súa experiencia, e acreditando que o mesmo non se atopa incurso en prohibición de contratar de acordo co artigo 71 da LCSP.

Os subcontratistas non terán acción directa fronte o Concello polas obrigas contraídas con eles polo contratista como consecuencia da execución do contrato principal e dos subcontratos e están obrigados a cumprir a mesma condición especial de execución que a imposta ó contratista principal.

Na redacción do proxecto non caberá subcontratación.

Artigo 15.- Abonos ao contratista.

1 Abonos durante a fase de redacción de proxectos.

1º- Á sinatura do contrato: 25% sobre o importe de adxudicación na parte proporcional ó servizo.

2º- Á entrega do proxecto básico: 30% sobre o importe de adxudicación na parte proporcional ó servizo.

3º- Á entrega do proxecto de execución: 30% sobre o importe de adxudicación na parte proporcional ó servizo.

4º- Á aprobación do proxecto: 15% sobre o importe de adxudicación na parte proporcional ó servizo.

2.- Abonos durante a fase de execución e dirección de obras:

O contratista percibirá as cantidades devengadas das certificacións ordinarias durante as obras correspondentes á parte executada e certificadas destas, e proporcionalmente, á cantidade resultante correspondente ós traballos de dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde durante a fase de execución.

A necesidade de introducir correccións nos documentos “Anteprojecto” e “Proxecto de execución” non impedirá os abonos indicados.

Artigo 16- Demora na execución do contrato e penalidades asociadas a esta.

 <p data-bbox="400 143 778 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="890 143 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1102 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1182 210 1359 239">32005-Ourense</p> <p data-bbox="959 239 1359 268">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="975 268 1359 297">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

O adxudicatario queda obrigado ao cumprimento do prazo de execución do contrato. Se chegado o termo, o contratista incorrera en mora por causas imputables ao mesmo, a Administración poderá optar pola resolución do contrato ou pola imposición de penalidades económicas. Estas ascenderán a 0,60 € por cada mil euros do prezo do contrato, IVE excluído, aplicando o sinalado no artigo 193 da LCSP e concordantes.

1º.- En todo caso a programación dos traballos e o seu cronograma quedarán supeditados ás autorizacións oportunas a obter por parte da entidade municipal ou outras administracións actuantes, debendo ser actualizada ó comezo dos traballos, ó longo do desenrolo dos mesmos e de ser preciso, xustificadamente, modificada e aprobada pola administración, órgano de contratación ou servizos municipais en caso de concorrencia de circunstancias de interese xeral.

2ª.- Para o licitador adxudicatario dos traballos o contido da oferta técnica e económica será contractualmente vinculante. Establécese a teor do disposto nos art. 192, 76 e 202 da Lei 9/2017, ademais da potestade da Administración para resolver o contrato, as seguintes penalidades:

a) **por incumprimento dos prazos:**

Establécese unha penalidade máxima do 5% do prezo do contrato, con tres tipos de penalizacións por incumprimentos de prazos: as motivadas polo incumprimento no comezo dos traballos, as motivadas polo incumprimento dos prazos parciais, e as motivadas polo incumprimento do prazo de execución total. As penalidades por incumprimento de prazos aplicaranse do seguinte xeito:

i.- A imposición de penalidades por incumprimento do prazo de execución total dos traballos disporase segundo o recollido nos art.193 da Lei 9/2017 e concordantes do seu regulamento.

ii.- A imposición de penalidades por incumprimento dos prazos parciais de execución disporase do seguinte xeito:

- Por incumprimento inxustificado no comezo dos traballos: ata o 2,5%.

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1185 210 1359 237">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 237 1359 264">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="978 264 1359 291">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

- Por incumprimento inxustificado do cronograma de traballos aprobado: ata o 2,5%, calculado de xeito proporcional ó retraso ocasionado sobre o prazo total de adxudicación.

b) por incumprimento da oferta presentada:

Establécese unha penalidade máxima do 5% do prezo do contrato polo incumprimento dalgunha prestación recollida neste prego ou nas memorias técnicas que definan as obras no caso do licitador adxudicatario.

A imposición das penalidades serán proporcionais ó incumprimento de cada aspecto definido, quedando a xuízo da administración observar dita circunstancia a teor da proposta e informes previos, a proposta dos responsables municipais do contrato e de acordo coas particularidades e consecuencias do seu incumprimento efectivo.

A imposición de penalidades por incumprimento defectuoso do servizo rexeranse segundo o disposto no art.194 na Lei 9/2017 e concordantes do seu regulamento.

Se o retraso fora producido por motivos non imputables ao contratista, estarase ao disposto no artigo 195.2 da LCSP.

En todo caso, a constitución en mora do contratista non requirirá interpelación ou intimación previa por parte da Administración.

Ditas penalidades imporanse, no seu caso, polo órgano de contratación, despois da audiencia ao contratista polo prazo de dez días naturais, e deduciranse, preferentemente das certificacións ou, no seu defecto, pagaranse con cargo á garantía do contrato.

Artigo 17.- Ensaio e análises dos materiais e unidades de obra.

Ademais dos que figuren no proxecto técnico, a dirección facultativa poderá ordenar que se realicen ensaios e análises dos materiais e unidades de obra, e que se pidan os informes específicos que en cada caso resulten pertinentes, sendo por conta do contratista os gastos que se orixinen, ata un importe máximo do 1 por 100 do orzamento da obra.

Artigo 18.- Responsable do contrato.

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1185 210 1359 235">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 237 1359 264">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="979 266 1359 293">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

De conformidade co disposto no Artigo 62.2 da LCSP o responsable do contrato será o Director facultativo.

A dirección e inspección das obras corresponde ao Técnico-Director das mesmas (Director de Obra e no seu caso Director de Execución da obra, de acordo co disposto nos Artigos 12 y 13 da Lei 38/99 de 5 de novembro de Ordenación da Edificación), o que ditará as instrucións necesarias ao contratista para a normal e eficaz realización daquelas, e sinalará o ritmo de execución conveniente.

Non obstante, a Presidencia da Corporación o Concelleiro delegado ou os técnicos da Corporación poderán inspeccionar as obras e instalacións cando o estime oportuno, de conformidade co disposto no Artigo 190.2 LCSP.

O importe da totalidade dos traballos necesarios para a redacción de proxectos, dirección de obra, dirección de execución material das obras e coordinación de seguridade e saúde durante a fase de redacción de proxectos e dirección de obras serán asumidos polo contratista, formando parte da oferta a entregar por este, se ben os responsables dos servizos descritos, que serán os ofrecidos polo licitador na súa oferta, serán nomeados directamente pola Administración, perante a cal deberá responder polas súas actuacións, sendo esta a que aprobe os abonos ó equipo redactor e á dirección facultativa das obras.

En ditos servizos queda incluída a elaboración e entrega de tanta documentación resulte necesaria para a aprobación dos proxectos e seguimento das obras e do contrato, incluso a proposta, redacción e dirección técnica das obras das modificacións do proxecto que resultasen necesarias.

Artigo 19.- Modificación do contrato.

En ningún caso o Director facultativo das obras, ou o adxudicatario, poderán introducir ou executar modificacións nas obras comprendidas no contrato, sen a debida aprobación técnica da modificación e a aprobación económica do orzamento reformado resultante, no seu caso, como consecuencia dela.

Cando o Director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto e se cumpran os requisitos que para ese efecto regula a Lei, solicitará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que se substanciará coas seguintes actuacións:



**Concello de
OURENSE**

SERVIZO DE CONTRATACIÓN

Praza do Trigo, nº 2 -3

32005-Ourense

Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494

e-mail: contratacion@ourense.es

- a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
- b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
- c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos, previa fiscalización do gasto e existencia de crédito.

Con todo, non terán a consideración de modificacións:

- i. O exceso de medicións, entendendo por tal, a variación que durante a correcta execución da obra se produza exclusivamente no número de unidades realmente executadas sobre as previstas nas medicións do proxecto, sempre que en global non representen un incremento do gasto superior ao 10 por cento do prezo do contrato inicial. O devandito exceso de medicións será recollido na certificación final da obra.
- ii. A inclusión de prezos novos, fixados contraditoriamente polos procedementos establecidos na Lei e nas súas normas de desenvolvemento, sempre que non supoñan incremento do prezo global do contrato nin afecten a unidades de obra que no seu conxunto exceda do 3 por cento do orzamento primitivo do mesmo

Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non comprendidas no proxecto ou cuxas características defiran substancialmente delas, os prezos de aplicación das mesmas serán fixados pola Administración á vista da proposta do Director facultativo das obras, e das observacións do contratista a esta proposta en trámite de audiencia, por prazo mínimo de 3 días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que este fixara, executalas directamente ou promover a resolución do contrato de conformidade co disposto no Artigo 211 da Lei.

Cando a modificación contemple unidades de obra que haxan de quedar posterior e definitivamente ocultas, antes de efectuar a medición parcial das mesmas, deberá comunicarse á Intervención, cunha antelación mínima de cinco días, para que, se o considera oportuno, poida acudir ao devandito acto nas súas funcións de comprobación material do investimento, e iso, sen prexuízo de, unha vez terminadas as obras, efectuar a recepción, de conformidade co disposto no apartado 1 do artigo 243, en relación co apartado 2 do artigo 210.

Cando, como consecuencia da modificación do contrato, aumente o prezo do mesmo, reaxustarase a garantía que se cuantificará no 5% do incremento experimentado no prezo de adjudicación (IVE excluído). Esta garantía deberá constituírse dentro do prazo máximo de 15

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 141 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1106 181 1359 210">Praza do Trigo, nº 2 -3</p> <p data-bbox="1185 210 1359 239">32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 268">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494</p> <p data-bbox="978 268 1359 297">e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	--

días naturais a contar dende a notificación de aprobación da modificación. A non constitución da garantía dentro de dito prazo dará lugar a resolución do contrato.

As variacións mencionadas no parágrafo anterior, respectando en todo caso o límite previsto no mesmo, iranse incorporando as relacións valoradas mensuais e poderán ser recollidas e abonadas nas certificacións mensuais. Non obstante, cando con posterioridade as mesmas houbera necesidade de introducir no proxecto modificacións das previstas no art. 242 da LCSP, deberanse de recoller tales variacións na proposta a elaborar sen necesidade de esperar para facelo a certificación final citada.

Serán obrigatorias para o contratista as modificacións no contrato de obras que, con arranxo ao establecido, produzan aumento, redución ou supresión das unidades de obra. En caso de supresión ou redución de obras, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha.

Artigo 20.- Recepción das obras e certificación final.

O contratista comunicará por escrito ao Facultativo Director da obra a data prevista para a súa terminación, cunha antelación mínima de 45 días hábiles.

A recepción das obras realizárase como máximo dentro do mes seguinte á terminación das obras. Todo isto de conformidade co artigo 243 da LCSP.

O contratista ten a obriga de asistir á recepción da obra. Se por causas que lle sexan imputables non cumpre esta obriga, o representante da Administración remitiralle un exemplar para que no prazo de dez días formule as alegacións que considere oportunas, sobre as que resolverá o órgano de contratación.

Do resultado da recepción levantarase unha acta que subscribirán todos os asistentes, retirando un exemplar orixinal de cada un deles.

Cando as obras non se atopen en estado de seren recibidas, farase constar así na acta, e o director das mesmas sinalará os defectos observados, e detallará as instrucións precisas, fixando un prazo para remediar aqueles. Se transcorrido dito prazo, o contratista non o tivera efectuado, poderá concedérselle outro novo prazo improrrogable ou declarar resolto o contrato.

Dentro do prazo de 3 meses contados a partir da recepción, o órgano de contratación deberá aprobar a certificación final das obras executadas, que será abonada ao contratista a conta da liquidación do contrato.

 <p data-bbox="403 152 770 286">Concello de OURENSE</p>	<p data-bbox="895 143 1359 174">SERVIZO DE CONTRATACIÓN</p> <p data-bbox="1107 181 1359 232">Praza do Trigo, nº 2 -3 32005-Ourense</p> <p data-bbox="963 239 1359 291">Tfno. 988 269 333 Fax: 988 221 494 e-mail: contratacion@ourense.es</p>
---	---

Artigo 21.- Prazo de garantía.

O prazo de garantía será de un ano a contar dende a recepción das obras.

Durante o prazo de garantía o contratista estará obrigado a garda e conservación das obras, seguindo, no seu caso, as instrucións que reciba do Director facultativo, sendo responsable dos danos intrínsecos que nela se produzan.

